



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA O POSTO DE PEÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL NO CONCELLO DE IRIXOA.

EXPEDIENTE:2025/G003/000

ANTECEDENTES:

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión en data 14 de maio de 2025, para participar nas probas de selección ao obxecto de cubrir unha praza de PEON DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL; a xornada completa como PERSOAL LABORAL TEMPORAL na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a través do sistema de concurso- oposición para prestar servizos no concello de Irixoa durante o prazo de 9 meses de conformidade co establecido na subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde de 05 de marzo de 2025 (programa APROL RURAL ano 2025);

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas xunto coa convocatoria mediante acordo de Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada en data 30 de abril de 2025;

En virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar de forma provisional e elevar a definitiva, no suposto de non existir alegacións ou reclamacións de forma automática, a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria así como a valoración dos méritos presentados na fase de concurso:

ASPIRANTES ADMITIDOS EVALORACIÓN FASE CONCURSO:

NOME E APELIDOS	APARTADOS VALORADOS DA CLAUSULA CUARTA DAS BASES	VALORACION FASE CONCURSO
JOSE ARES GÓMEZ con DNI numero XXX4572XX	Apartado e) “persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito”: 2,00 puntos Apartado f) “Persoas desempregadas maiores de 45 anos”: 2,00 puntos.	4,00 PUNTOS.
MONTSERRAT CAMBA con DNI número XXX9180XX CALVIÑO	Apartado a) “Mulleres”: 0,50 puntos	0,50 PUNTOS



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ASPIRANTES EXCLUIDOS: Ningún

SEGUNDO.- Publicar a lista provisional, que se elevará automaticamente a definitiva no suposto de non existir reclamacións, dos aspirantes admitidos e excluídos así como a valoración establecida polo Tribunal na fase de concurso no Taboleiro de Edictos da Corporación sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do Concello de Toques (<https://sede.toques.es>) e abrir un prazo de dous (2) hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

TERCEIRO.- O Tribunal de valoración reunirase o martes, día 20 de maio de 2024 ás 09:30 horas aos efectos de decidir a proba práctica

. Os candidatos deberán comparecer o martes, día 20 de maio de 2025, ás 10:00 horas no Pavillón Polideportivo para a realización da proba da fase de oposición, debidamente provistos co DNI e co carnet de conducir.

A non comparecencia do aspirante determinará a súa automática exclusión do proceso de selección.

CUARTO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde ante o Sr. Secretario na data que figura á marxe;